

Lino D'az Go'as, Secretario do Sector de Autnmica da UGT Servizos Pblicos de Galicia, con domicilio a efectos de notificaci3n no Edificio Administrativo da Xunta de Galicia, en San Caetano s/n, Local Sindical de UGT, con direcci3n de correo electr3nico [sindicato-uxt@xunta.gal](mailto:sindicato-uxt@xunta.gal), presento as seguintes

## **PRIMEIRAS ALEGACI3NS UGT AS ORDES DOS PROCESOS EXTRAORDINARIOS DE ESTABILIZACI3N DERIVADOS DA LEI 20/2021 PUBLICADAS NOS DOG O 26 E 27 DE DECEMBRO DE 2022 E AS LISTAXES DE POSTOS PUBLICADOS NA WEB DA DIRECCI3N XERAL DA FUNCI3N PBLICA**

### **CONSIDERACI3NS PREVIAS:**

Considerando o volume de documentaci3n aportada pola Direcci3n Xeral da Funci3n Pblica para o seu an'lise, as alegaci3ns recibidas polas persoas afectadas polos procesos selectivos, consideramos que a administraci3n debe establecer unha pr3rroga para a presentaci3n das alegaci3ns.

A disparidade de datos entre o Decreto 79/2022 e os anexos das distintas resoluci3ns de convocatoria dos procesos, as' como as follas de c'culo facilitadas, non permite determinar con certeza as prazas obxecto das convocatorias.

Polo anterior, solic'itase que se ad'ie m'ais al3 do d'ia 16 de xaneiro a posibilidade de emendar todo aquilo que sobre determinadas prazas poda ser concluido como erro nas publicaci3ns realizadas.

### **1.- ALEGACI3NS COM'UNS AS BASES POLA QUENDA DE ACCESO LIBRE MEDIANTE O SISTEMA DE CONCURSO E CONCURSO OPOSICI3N (com'uns para todos os grupos)**

- **Servizos prestados en xornada inferior a ordinaria:** propo'emos o seguinte engadido:  
Os servizos efectivos prestados en xornadas inferiores a completa valoraranse proporcionalmente, ag'as que se trate da aplicaci3n de medidas relacionadas co exercicio de dereitos de conciliaci3n. En todo caso, a penosidade da contrataci3n parcial ter' unha compensaci3n aplic'ndoselle un multiplicador de 0,40% de incremento a puntuaci3n proporcional obtida.
- **Formaci3n:** solicitamos respectar a literalidade do ep'grafe de formaci3n acordado para a carreira profesional e complemento de desempe'no, sinaladamente a inclusi3n da formaci3n impartida polos Ministerios.
- **Experiencia profesional:** debe contemplarse de forma expresa que ser' valorados como servizos nesta Administraci3n os servizos prestados por persoal transferido

doutras Administracións á Xunta de Galicia, así como os da persoas subrogadas do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar.

- Sobre a puntuación de experiencia profesional debe terse en conta de forma expresa que computará o tempo traballado nas categorías de laborais que se homologaron a corpos xerais a través do anexo do Decreto 165/2019, do 26 de decembro, polo que se establece o procedemento para a adquisición da condición de persoal funcionario de carreira polo persoal laboral fixo do Convenio colectivo único do persoal laboral da Xunta de Galicia. Exemplo: III-02, III-05, III-33, III-38, III-40, III-48, III-62, homologado ao Corpo administrativo da Administración xeral da C.A. de Galicia (subgrupo C1).
- **Experiencia profesional en determinadas especialidades:**

Vista a RESOLUCIÓN do 22 de decembro de 2022 pola que se convoca o proceso selectivo extraordinario de estabilización derivado da Lei 20/2021, do 28 de decembro, pola quenda de acceso libre e mediante o sistema de concurso, para o ingreso no corpo superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma Galicia; no corpo facultativo superior de Administración especial da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, subgrupo A1, e para o ingreso nas categorías 19, 32, 38 e 40 do grupo I de persoal laboral da Xunta de Galicia, publicada o pasado día 26 de decembro, sinalar, con respecto ás prazas ofertadas dentro da escala de ciencias:

Tal e como figura no punto III.1.1. da devandita resolución, a experiencia profesional establécese a nivel de escala (neste caso, escala de ciencias), sen efectuar diferenza algunha entre as especialidades contidas en dita escala.

No Anexo III da devandita resolución aparecen as titulacións necesarias para presentarse a cada proceso selectivo, figurando para todas as especialidades da escala de ciencias, é dicir, para as especialidades de bioloxía, química, ciencias do mar e física: “Licenciado ou graduado nunha titulación da rama de ciencias”.

É dicir, a experiencia profesional obtida en calquera das especialidades da escala de ciencias (Bioloxía, Química, Ciencias do mar, Matemáticas ou Física, segundo o establecido na Lei 2/2015 de emprego público de Galicia), vai puntuar exactamente igual para cada unha das prazas ofertadas nas diferentes especialidades, sendo o único requisito estar en posesión de calquera das titulacións da rama de ciencias (segundo o establecido na Lei 2/2015 de emprego público de Galicia: Licenciado en Bioloxía, Licenciado en Bioquímica, Licenciado en Ciencias Ambientais, Licenciado en Ciencias do Mar, Licenciado en Ciencias e Técnicas Estatísticas, Licenciado en Física, Licenciado en Xeoloxía, Licenciado en Matemáticas, Licenciado en Química, Licenciado en Enoloxía).

Así, a experiencia acumulada nun posto de traballo da especialidade de física, por exemplo, puntuará o mesmo para optar a unha praza da especialidade de física, que de

bioloxía ou de química (dado que en todos estes casos a titulación se atopa incluída dentro da rama de ciencias), cando os traballos a desempeñar son moi diferentes. Desta forma ábrese a posibilidade de escoller a especialidade á que presentarse dentro da escala de ciencias, independentemente da experiencia específica acumulada que por lóxica debería ser o factor con mais peso dentro dun proceso extraordinario de consolidación por concurso como o que se está a convocar.

Ademais, isto supón un prexuízo para a especialidade na que se ofertan mais prazas, neste caso a especialidade de Bioloxía, á que poderán presentarse en igualdade de condicións todas aquelas persoas con experiencia acreditada en calquera outra especialidade da escala de ciencias, dado que é moi posible que as persoas elixan a especialidade á que presentarse en función das opcións que cada un considere que pode ter para acceder a unha praza. Todo elo sen importar que a experiencia e o coñecemento específico acumulados estean referidos a traballos totalmente diferentes, e que se precisen competencias profesionais específicas e diferenciadas para exercer en cada unha das especialidades, algo que nun proceso só con fase de concurso, unicamente se pode asegurar a través da consideración de experiencia e/ou titulacións mais específicas.

Isto só ocorre para o caso da escala de ciencias (para outras escalas diferénciase a titulación en función da especialidade -véxase o caso das enxeñarías-, polo que na práctica a experiencia sempre estará referida á especialidade concreta dentro da escala). Por este motivo solicitamos que a experiencia profesional se diferencie tendo en conta as especialidades, cando menos para a escala de ciencias, de forma que en cada especialidade se consolide de forma preferente ás persoas quen teñan desempeñado ese mesmo tipo de traballo.

- **Servizos prestados base IV.1b) de ordes concurso e base III.1.1.b)** refire calquera outra administración como empregado público na propia escala ou categoría a que se opta ou na escala e categoría equivalente sempre do mesmo grupo de titulación, en ambas bases ao final do correspondente epígrafe refire que remite o anexo III da convocatoria no caso de concurso e o anexo IV no caso de concurso-oposición onde establece as categorías equivalentes a efectos destas ordes.

A remisión os anexos de categoría equivalente e outra administración debe explicitarse. Temos a experiencia de interpretacións de categoría equivalente polo feito de requirir a mesma titulación como si fosen mesma escala e categoría, e neste caso cumprir os obxectivos da Lei 20/2021 e da Lei 5/2022 non se comparece con ditas interpretacións, máxime cando nos procesos de eses outros organismos non se puntúan os servizos na Administración pública galega.

- **Base III.1.1** Superarán o exercicio as persoas aspirantes que teñan as mellores puntuacións ata completar o número máximo de persoas aspirantes determinado polo resultado de multiplicar por catro (4) o número de prazas convocadas, sempre que acaden, en cada unha das partes, o mínimo do 50% das respostas correctas, unha vez feitos os descontos correspondentes, **sendo necesario obter como mínimo o 25% das respostas correctas en cada unha das partes.**

~~Subsidiariamente, de darse o caso de que o número de aspirantes que superasen este exercicio non sexa o previsto no parágrafo anterior, superarán o exercicio as persoas aspirantes que teñan as mellores puntuacións ata completar o número máximo de persoas aspirantes determinado polo resultado de multiplicar por catro (4) o número de prazas convocadas non cubertas conforme ao previsto no parágrafo anterior, sempre que acaden, en cada unha das partes, o mínimo do 40% das respostas correctas, unha vez feitos os descontos correspondentes.~~

- **Cualificacións dos exercicios:**
  - **Grupos A1 e A2:** O exercicio cualificarase de 0 a 30 puntos e para superalo será necesario obter un mínimo de ~~15 puntos~~ **10 puntos.**
  - **Resto Grupos:** O exercicio cualificarase de 0 a 60 puntos e para superalo será necesario obter un mínimo de ~~30 puntos~~ **20 puntos.**
- **Modificación do número de preguntas dos exercicios:**
  - Exercicios base III.1.1 subgrupo C1, o número de preguntas do temario xeral e 90 en temario específico é de 50 preguntas. Nas Ordes nos respectivos anexos I identifican os corpos e escalas. **Para as escalas técnicas debe invertirse o número de preguntas, 50 parte xeral, 90 parte específica de temarios.**
  - Exercicios base III.1.1 grupos C2, o número de preguntas do temario xeral e 90 en C2 e de as Ordes nos respectivos anexos I identifican os corpos e escalas. Nas Ordes nos respectivos anexos I identifican os corpos e escalas. **Para o corpo auxiliar e as escalas que detalla debe invertirse o número de preguntas, 30 parte xeral, 60 parte específica de temarios.**
- **Base III.2.1.c).** da fase de Concurso, establécese que: *Pola superación de exercicios ou probas de procesos selectivos convocados con data posterior ao 1 de xaneiro de 2001 para adquirir a condición de funcionario de carreira ou persoal laboral fixo da Administración convocante que estean finalizados ou coa fase de oposición finalizada para o acceso á mesma escala ou categoría profesional que se convoque. Valorarase 2,5 puntos por cada proba selectiva ou exercicio superado ata un máximo de 7,5 puntos.*

As alegacións iniciais sobre as bases das convocatorias reclamabamos a posibilidade de ter en consideración probas de acceso que as persoas puidesen acreditar con anterioridade ao 01/01/2001, cuestión que reiteramos. En todo caso, solicítase que no suposto de que a convocatoria correspondente, que se pretenda facer valer como mérito, no caso de ter sido mediante un único exame ou dous, e polo tanto non poda acadar a puntuación máxima do apartado, se permita puntuar en formación a diferenza ata dita puntuación máxima.

– **Base I.3.5. de ambos sistemas, concurso e concurso-oposición:**

A base referida ten a actual redacción:

*Finalizado correctamente o proceso de pagamento poderase presentar a solicitude.*

*Non poderá presentarse máis dunha solicitude de participación para unha mesma escala ou categoría. No caso de presentar varias solicitudes para unha mesma escala ou categoría, soamente se terá en conta a última presentada.*

Consideramos que debe darse nova redacción, en tanto que induce a poder deducir que existe imposibilidade de que un candidato poda de realizar solicitudes para unha mesma escalas, corpo ou especialidade, nas distintas modalidades, cuestión que UGT entende que é factible, en tanto que son convocatorias diferentes, pero que en todo caso suxerimos sexa aclarada, engadindo ao final de *Non poderá presentarse máis dunha solicitude de participación para unha mesma escala ou categoría*, **dentro da mesma convocatoria.**

## **2.- ALEGACIONES ÁS TITULACIONES REQUIRIDAS NAS CONVOCATORIAS:**

### **Intérprete de lingua de signos:**

A resolución de convocatoria indica que a titulación requirida é o título de Técnico superior en interpretación de lingua de signo. En atención á esixencia de titulación arbitrada polo Decreto 37/2006, débese requirir as seguintes: título de Bacharelato superior ou equivalente, título de intérprete de lingua de signos expedido pola Confederación Nacional de Xordos de España ou por algunha federación autonómica confederada ou Técnico superior de interpretación de lingua de signos (ciclo formativo de grao superior).

### **Técnico/a superior en xardín de infancia:**

A tenor do comunicado pola Dirección Xeral da Función Pública ás Organizacións Sindicais, mediante correo electrónico o pasado día 30 de decembro de 2022: *“En relación coa consulta formulada sobre se as titulacións de mestre especialista en educación primaria e mestre especialista en educación infantil resultan suficientes para o acceso a especialidade de xardín de infancia lle sinalamos que de acordo co informe de data 06.04.2021 do director xeral de Centros e Recursos Humanos as persoas que posúan a titulación de mestre en educación*

***primaria, mestre especialista en educación infantil, grao de mestre en educación infantil ou grado de mestre en educación primaria poidan acceder a especialidade de Xardín de Infancia, do Grupo B de administración especial.”***

O Decreto 329/2005, de 28 de xullo, polo que se regulan os centros de menores e os centros de atención á infancia, establece no artigo 27, dos requisitos específicos, ao indicar no punto 2 os requisitos específicos do persoal, no apartado b, da titulación do mesmo, puntualizando que o persoal dedicado a funcións educativas e de atención directa aos/as nenos/as deberá estar en posesión das seguintes titulacións:

*b1) Persoal de atención:*

- Licenciado/a en pedagogía ou psicopedagogía.*
- Mestre/a especialista en educación infantil ou equivalente.*
- Técnico superior en educación infantil ou equivalente.*

O Real Decreto 132/2010, de 12 de febreiro, polo que se establecen os requisitos mínimos dos centros que impartan as ensinanzas do segundo ciclo da educación infantil, a educación primaria e a educación secundaria, regula na disposición transitoria segunda, da acreditación da habilitación para a docencia, que: *as Administracións educativas procederán no prazo de dous anos desde a entrada en vigor deste real decreto, á acreditación expresa do cumprimento dos requisitos aos que se refire o apartado primeiro da disposición adicional octava.* Sendo que a disposición adicional octava, dos profesionais habilitados, establece que:

- 1. Os profesionais que á data de entrada en vigor deste real decreto tivesen sido habilitados para a docencia da educación infantil, en ambos ciclos, da educación primaria, da educación secundaria obrigatoria, do bacharelato, e da formación profesional manterán dita habilitación.*
- 2. Así mesmo, a partir da entrada en vigor deste decreto, non poderán iniciarse procedementos de habilitación para os profesionais que carecen da formación inicial adecuada.*

O anterior significa que o persoal que careza da habilitación ao efecto desde o ano 2012, ten impedimento legal para poder ser acreditado para a impartición de docencia en educación infantil, non estando en posesión da titulación correspondente.

As posibles solucións, baixo o noso punto de vista, e en atención a que se trata dun nutrido colectivo, pasan por modificar a convocatoria, adiando o máximo posible o período de solicitudes co fin de posibilitar a obtención do título académico do Ciclo Formativo correspondente ou ben que se proceda á súa estabilización como persoal laboral nunha categoría “ad hoc”.

**Xerocultor/a:**

A resolución de convocatoria indica que a titulación requirida é o Graduado en educación secundaria obrigatoria. En atención á esixencia de titulación arbitrada polo Decreto 37/2006,

débese requirir as seguintes: título de Técnico/a en coidados auxiliares de enfermmería ou equivalente ou título de Técnico/a de atención a persoas en situación de dependencia ou equivalente.

#### **Escala auxiliar de cociña:**

A resolución de convocatoria indica que a titulación requirida é o Graduado en educación secundaria obrigatoria, debe cambiar por: titulación que habilite para a realización das funcións inherentes a esta escala.

#### **Escala auxiliar de mantemento:**

A resolución de convocatoria indica que a titulación requirida é o Graduado en educación secundaria obrigatoria, debe cambiar por: titulación que habilite para a realización das funcións inherentes a esta escala.

#### **Escala auxiliar de laboratorio:**

A resolución de convocatoria indica que a titulación requirida é o Graduado en educación secundaria obrigatoria, debe cambiar por: titulación que habilite para a realización das funcións inherentes a esta escala.

#### **Escala auxiliar de conducción:**

A resolución de convocatoria indica que a titulación requirida é o Graduado en educación secundaria obrigatoria, debe cambiar por: titulación que habilite para a realización das funcións inherentes a esta escala e carné, autorización ou licencia que sexan necesarios para el manexo dos vehículos.

#### **Especialidade de arquivos e bibliotecas:**

A resolución de convocatoria indica que a titulación requirida é o Graduado en educación secundaria obrigatoria, debe engadirse: ou equivalente.

**Con carácter xeral** e co fin de dar cumprimento que os criterios aprobados que deben rexer os procesos, no seu apartado 3.3, ao respecto da esixencia da titulación académica determinan que: *O desempeñar ou desempeñar previamente a praza convocada non exime deste requisito, salvo aqueles supostos en que a normativa convencional para o persoal laboral aplicable ao ámbito estableza a posibilidade de acceder con outras titulacións académicas ou profesionais similares ou equivalentes.*

A anterior previsión, alegouse por UGT co fin poder facilitar que as persoas interinas que ocupan os postos obxecto de estabilización tivesen opción a presentarse aos distintos procesos, con este fin propoñemos que nos casos nos que as persoas carezan do requisito de titulación para acceder á escala funcional correspondente poidan presentarse ao proceso selectivo á categoría na que viñeron prestando servizo, e se obteñen praza, a súa adscrición á mesma sexa como “persoal laboral a extinguir”.

### 3.- ALEGACIONES ÁS PRAZAS PUBLICADAS NA WEB DE FUNCIÓN PÚBLICA:

Inclúese, como **anexo I** ás presentes alegacións, un cadro resumo que compara a Oferta de Emprego Público que deriva do Decreto 79/2022, das distintas convocatorias das resolucións publicadas no mes de decembro pasado e das follas de cálculo que facilitou a Dirección Xeral da Función Pública, para o análise dos postos obxecto das convocatorias.

Con carácter xeral e considerando que o Decreto 79/2022, do 25 de maio, polo que se aproba a oferta de emprego público extraordinaria de prazas de persoal funcionario e laboral da Administración xeral e das entidades instrumentais do sector público autonómico da Comunidade Autónoma de Galicia, correspondente ao proceso de estabilización derivado da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, e de prazas de persoal laboral obxecto de funcionarización, de conformidade coa Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, cuantifica a dita oferta a través dos seus Anexos I e II, nun total de 6.480 prazas.

Atendendo a que a dita oferta se autoriza como un **terceiro proceso de estabilización** de emprego público, **adicional** aos que regularon os artigos 19.un.6 da Lei 3/2017, do 27 de xuño, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2017, e 19.un.9 da Lei 6/2018, do 3 de xullo, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2018.

O Decreto 79/2022 determina, á súa vez, que as prazas afectadas polos anteriormente citados dous procesos selectivos de estabilización, serán incluídas dentro deste terceiro proceso de estabilización, sempre que estivesen incluídas nas correspondentes ofertas de emprego público de estabilización e, chegada a data de entrada en vigor da Lei 20/2021, non fosen convocadas ou, sendo convocadas e resoltas, quedasen sen cubrir. Non obstante, engadiranse as prazas que con posterioridade á entrada en vigor da Lei 20/2021 queden desertas pola non superación do proceso selectivo convocado.

Sendo que na Resolución de convocatoria do C2 e categorías de persoal laboral 7, 20, 21, 24, 25, 31, 32, 33, 34, 37 e 39 do grupo IV, se determina como anotación ao Anexo I, de prazas convocadas persoal funcionario: (1) *As prazas afectadas pola disposición adicional sexta da Lei 20/2021 e ocupadas por interinos ou persoal laboral que aproben os procesos selectivos en curso incluídos nesta epígrafe descontaranse do cómputo total de prazas convocadas na mesma escala ou categoría que figura no anexo I. Afecta dita anotación as escalas de auxiliares de clínica, que Inclúe prazas da categoría 3 do grupo IV de persoal laboral, 181 prazas na quenda libre), e na Escala auxiliar do servizo de prevención e defensa contra incendios forestais á Especialidade bombeiro/a forestal-condutor/a motobomba, que inclúe prazas da categoría 33 do grupo IV de persoal laboral, (24 prazas en acceso libre), e Especialidade bombeiro/a forestal, que inclúe prazas das categorías 14 e 14A do grupo V de persoal laboral (205 prazas en acceso libre).*



Son estas tres especialidades unicamente nas que se prevé o desconto do total de prazas do Anexo I. Consideramos que dado que existen outros procesos selectivos inconclusos (veterinarios, titulado superior, psicólogos, enxeñeiros e enxeñeiros técnicos, arquitectos, escala de ciencias, titulados de grao medio, asistente social, escala de xestión de sistemas informáticos), o feito de facer referencia a estes de xeito exclusivo minora o dereito das persoas susceptibles de presentarse a ditos procesos, debendo ser retirada dita previsión.

### Prazas do ISSGA:

Todas as prazas correspondes a este organismo foron convocadas no ano 2019 e o proceso selectivo desenvolveuse no ano 2022, está pendente so a fase de concurso e polo tanto estas prazas non deben ser ofertadas na oferta extraordinaria de procesos derivados da Lei 20/2021.

As convocatorias corresponden as seguintes ordes:

ORDEN de 28 de febreiro de 2019 pola que se convoca o proceso selectivo para o ingreso no corpo superior de Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, subgrupo A1, escala superior de seguridade e saúde no traballo, especialidades de seguridade no traballo, de hixiene industrial e de ergonómia e psicosocioloxía aplicada.

ORDEN de 28 de febreiro de 2019 pola que se convoca o proceso selectivo para el ingreso na escala superior de saúde laboral, subgrupo A1, do corpo facultativo superior de administración especial da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia.

As escalas correspondentes a este organismo son:

| CORPO SUPERIOR                                    | ESPECIALIDADE   |
|---|---|
| Escala superior de seguridade e saúde no traballo | 207L - Corpo superior , escala superior de seguridade e saúde no traballo , especialidade de hixiene industrial a1<br><br>207K - Corpo superior A1, escala superior de seguridade e saúde no traballo, especialidade de seguridade no traballo A1 |
| CORPO SUPERIOR                                    |   |
| Escala superior de saúde laboral                  | 207J - corpo facultativo superior, escala superior de saúde laboral A1  |

Na **folia de cálculo** facilitada pola Dirección Xeral da Función Pública denominada **“Resumo oferta extraordinaria 2022 organizacións sindicais 29.12.22”** aparecen as seguintes modificacións que **deben desaparecer**, pola razón comentada anteriormente:

- 2056 - MEDICOS/AS TITULARES.FACULT.SUPER.ESCALA SANITARIA
  - o Convócase no corpo:
    - 207J - CORPO FACULTATIVO SUPERIOR, ESCALA SUPERIOR DE SAÚDE LABORAL (1 praza).
- 205J - CORPO FACULTATIVO SUPERIOR

- Convócanse nos seguintes corpos:
  - 207J- CORPO FACULTATIVO SUPERIOR, ESCALA SUPERIOR DE SAÚDE LABORAL: 2 PRAZAS
- 2069 - CORPO FACULTATIVO SUPERIOR, ESCALA DE CIENCIAS, ESPECIALIDADE QUÍMICA
  - 3 PRAZAS a 207L CORPO SUPERIOR, ESCALA SUPERIOR DE SEGURIDADE E SAÚDE NO TRABALLO, ESPECIALIDADE DE HIXIENE INDUSTRIAL
- 207L - CORPO SUPERIOR, ESCALA SUPERIOR DE SEGURIDADE E SAÚDE NO TRABALLO, ESPECIALIDADE DE HIXIENE INDUSTRIAL
  - Incorpóranse as seguintes prazas:
    - 2069 - CORPO FACULTATIVO SUPERIOR, ESCALA DE CIENCIAS, ESPECIALIDADE QUÍMICA:1+2 PRAZAS
    - 205J - CORPO FACULTATIVO SUPERIOR: 1 PRAZA
- 207K - CORPO SUPERIOR, ESCALA SUPERIOR DE SEGURIDADE E SAÚDE NO TRABALLO, ESPECIALIDADE DE SEGURIDADE NO TRABALLO
  - Incorpóranse as seguintes prazas:
    - 2063 - CORPO FACULTATIVO SUPERIOR, ESCAL DE ENXEÑEIROS, ESPEC. ENXEÑ. AGRONÓMICA 1 praza Concurso
    - 2061 - CORPO FACULTATIVO SUPERIOR, ESCALA DE ARQUITECTOS 1 praza Concurso-Oposición
- 207J - CORPO FACULTATIVO SUPERIOR, ESCALA SUPERIOR DE SAÚDE LABORAL
  - Incorpóranse de categorías de laboral:
    - 2056 - MÉDICOS/AS: 1 PRAZA
    - 205J - CORPO FACULTATIVO SUPERIOR: 2 PRAZAS

**Prazas do Corpo superior da Administración xeral polo sistema de concurso:**

A Oferta de Emprego publicada o día 30 de maio de 2022, DOG nº102, mediante o DECRETO 79/2022, do 25 de maio, desagrega os seguintes datos:

- 2060-Corpo superior da administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia:
  - **Sistema de concurso: 53**
  - Sistema de concurso-oposición: 13
- Total: **63 prazas.**

A convocatoria que realiza a resolución do 22 de decembro de 2022, inclúe polo sistema de **concurso**, para o ingreso no corpo superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma Galicia; no corpo facultativo superior de Administración especial da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, subgrupo A1, e para o ingreso nas categorías 19, 32, 38 e 40 do grupo I de persoal laboral da Xunta de Galicia, realiza a seguinte desagregación:

Corpo superior da Administración xeral: **53 prazas** (dato da ope de maio)

Prazas que se inclúen de categorías de laborais, as seguintes:

- 0001-Direct.res., res.estud., res.anciáns, res.intern., esc.gal. dep: **3**.
- 0004-Titulado/a superior: **127**.
- 0009-Titulado/a superior economista. xefe/a superior de administ: **2**.
- 0014-Titulado/a superior sociólogo/a: **5**.
- 0023-Documentalista: **1**
- 0029-Xefe departamento persoal e xestión económico-adtvo. do IGAEM: **1**
- 0031-Titulado/a superior de formación ocupacional: **7**
- **Total: 146**

Consta na **resolución de convocatoria un total de 168 prazas**, cando si se suman as correspondentes ao corpo xeral (53) máis as de persoal laboral (146) deberían estar convocadas un **total de 199 prazas**, o que fai que **falten 53 prazas**, en corpos xerais.

Por outro banda, si se analiza a **folia de cálculo “prazas de estabilización Lei 20/2021”**, observase que:

- 2060 - CORPO SUPERIOR DA ADMINISTRACION XERAL DA COMUNIDADE AUTONOMA DE GALICIA aparecen **141 prazas**

**Faltarían**, comparativamente, entre as convocadas en resolución e as publicadas en web, un total de **27 prazas**.

O que nos sitúa nun escenario de total incerteza ao respecto de que é o que está convocado e o que realmente debe convocarse. Non cabe dúbida de que as prazas da folia de cálculo, aportan o coñecemento das persoas que xeran o dereito a que a praza estea incluída no proceso selectivo, pero por outra banda si isto é así **as convocadas deberían ser 199**, das que faltarían **por identificar un total de 58 prazas**.

Exemplos de prazas que consideramos deben incluírse na listaxe:

PAX2911000027001002

MRC991000027001012

MRC991000027001014



PSC991000027001015

PSC991000027001011

PSC991000027001013

PSC991000027001014

PSC991000027001016

PSC991000027001017

PSC991000027001012

### **GRUPO I Cat. 04. Titulado Superior**

Na OPE de estabilización da Lei 20/21 (DOG 30/05/2022), total 180 prazas para concurso:

- Concurso A1: 53 prazas
- Concurso Laboral Grupo I: 127 prazas

Na convocatoria do concurso de méritos (DOG 26/12/2022), resultan unificadas as categorías A1 e laboral grupo I no corpo/escala 2060: redúcense de 180 a 168 prazas. Supoñemos que están descontando as prazas dos aprobados no último proceso selectivo de consolidación vinculado á disposición transitoria décima do V CCU, en todo caso preguntamos si isto é así?

No listado de postos de estabilización da Lei 20/21, publicado na web da Xunta o día 02/01/2023, tamén saen unificadas as categorías grupo A1 e Laboral grupo I no corpo/escala 2060: reducíndose aínda máis a 141 prazas.

As prazas que quedaron sen ofertar e sen adxudicar nos procesos selectivos xa rematados tanto do corpo xeral de persoal funcionario do subgrupo A1 e do corpo de persoal laboral do Grupo I-Categoría IV Titulado/a superior, e tal e como dixo Función Pública con compromiso de ser incorporadas no proceso de estabilización da Lei 20/21, xa que cumpren cos requisitos establecidos na disposición sexta de dita Lei, son as seguintes segundo os nosos cálculos:

- 32 prazas consolidación A1 convocadas (Grupo A1): Non se incorporaron 17 prazas
- 49 prazas estabilización A1 convocadas (Grupo A1): Non se incorporaron 22 prazas
- 43 prazas consolidación convocadas (Grupo I laborais): Non se incorporaron 30 prazas (a modo de exemplo botamos en falta as prazas de titulado superior nas oficinas de emprego de Mondoñedo, Sarria, Viveiro ou na oficina de emprego de Navia en Vigo, entre outras.

**PRAZAS A INCOPORAR A MAIORES DAS 180 INCIAIS DA OPE EXTRAORDINARIA: 69 PLAZAS**

**0019 - TITULADO SUPERIOR ESPECIALISTA. TITULADO/A SUPERIOR FARMACE.**

**0022 - TITULADO SUPERIOR FARMACEUTICO (4º CONV. EXTING.)**

Na listado de data 29/12/2022 nas categorías 19 e 22 convócanse 8 e 2 prazas respectivamente.

Na Resolución de 22 de decembre publicada en el DOG el día 26, non figuran as 2 prazas da categoría 22, que no listaxe previo si aparecían. Esas 2 prazas deben aparecer e sumalas ás da categoría 19, dado que figuran como 19 na RPT da Consellería de Sanidade desde o ano 2011.

### **Prazas de enxeñeiros de montes e de enxeñeiros técnicos forestais:**

As prazas que se acompañan en **anexo II**, considerando que cumpren os requisitos das Disposicións adicionais 6ª e 8ª da Lei 20/2021, deben ser ofertadas a través do sistema de concurso de méritos, dado que todas elas están ocupadas de forma temporal e ininterrompida con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2016 ou ben son prazas vacantes de natureza estrutural ocupadas de forma temporal por persoal con una relación, desta natureza, anterior ao 1 de xaneiro de 2016.

### **Corpo Facultativo Superior. Escala de veterinarios (inclúe prazas de I-05)**

DECRETO 79/2022, do 25 de maio, polo que se aproba a oferta de emprego público extraordinaria, inclúe:

- Corpo facultativo superior, escala de persoal funcionario: 21 prazas polo sistema de concurso e 9 por concurso-oposición (30)
- Categoría I-05 polo sistema de concurso: 36 prazas

Na Resolución de convocatoria do sistema de concurso, incluíndo prazas da cat 5 do grupo I:

- 56 prazas de acceso libre e 1 da quenda de discapacidade.

Na Resolución de convocatoria do sistema de concurso-oposición: 9 prazas

Na folla de cálculo “prazas-estabilizacion\_lei\_20\_21”: un total de 54 prazas:

- 9 por concurso-oposición
- 45 por concurso.

Faltan por incluír: 12 prazas non cubertas do proceso de 2017 (2ª parte da DT10ª), 35 prazas correspondentes á primeira parte da disposición transitoria décima do VCCU.

Hai que ter en consideración que das 57 prazas ofertadas e publicadas por Función Pública para o concurso de méritos correspondente ao Corpo Facultativo Superior, escala veterinarios, só 45 aparecen na folla de cálculo “prazas-estabilizacion\_lei\_20\_21”, e delas 23 corresponden a persoas que superaron o último proceso selectivo de persoal laboral a categoría 5 do grupo I (Disposición transitoria 10ª 2ª parte do V convenio colectivo único do persoal laboral da Xunta de Galicia). Polo tanto, esas 23 prazas van a desaparecer de dito listado en canto se produza a toma de posesión dos mesmos.

En resumo, no listado da páxina web citada das 57 prazas ofertadas por Función Pública so aparecen 45, e delas aínda hai que sacar 23, co cal a oferta para o concurso de méritos queda reducida a mínima esencia de 22 prazas.

### **ESCALA ESC1 (BIOLOXÍA) Sistema de concurso:**

Na folia de cálculo enviada por función pública o 29/12/2022 “Resumo Oferta Extraordinaria”, consta:

- ESC1 (2068): 16 prazas para concurso de méritos segundo a táboa. Indica que se engaden 8 prazas que antes se localizaban en Titulado Superior 004. En resumen, son 5 prazas da OPE 2022 estabilización + 1 praza + 2 prazas de alegacións + 8 prazas de Titulado Superior 004 = 16 prazas para concurso de méritos. Con respecto ás 8 prazas de Titulado Superior 004, indicar que estás non se engadiron para ser convocadas como ESC1 (2068) na listaxe enviada por Función Pública o 02/01/2023.

- Doutra banda, na devandita táboa aparecen outras 8 prazas de Titulado Superior ambiental, 0010 Bioloxía, que serán convocadas como ESC1 (2068) para concurso de méritos, que xa figuraban na OPE 2022 de estabilización.

- Si se suman as prazas indicadas na táboa enviada por Función Pública, dános un total de  $16 + 8 = 24$  prazas que serán convocadas para ESC1 (2068) para concurso de méritos segundo os datos enviados por FP o 29/12/2022.

- Se analizamos o último listado de postos enviados por FP (02/01/2023) vemos que para concurso de méritos van a ser convocadas para a escala ESC1 (2068) unicamente 14 prazas, polo que faltarían 10 prazas con respecto aos datos achegados por Función Pública ( $24 - 14 = 10$ ). Estás 10 prazas que faltan na listaxe do 02/01/2023 poderían ser as 8 prazas de Titulado Superior 004 que figuran como engadidas na táboa enviada por Función Pública o 29/12/2022, e os postos PEC993000036590011 e PEC040000315770073 que figuraban nas anteriores listaxes de postos enviados aos sindicatos pero desapareceron da listaxe do 02/01/2023.

### Listaxe de postos enviados por FP o 02/01/2023:

Se comparamos a anterior listaxe de postos enviados aos sindicatos coa listaxe enviada o 02/01/2023, con respecto ao concurso de méritos da ESC1 vemos os seguintes cambios:

- O posto PEC994030136235017 aparece agora convocado para unha Escala diferente (ESCALA DE PROFESORES NUMERARIOS DE INSTITUTOS POLITÉCNICOS MARÍTIMO-PESQUEIROS, ESPECIALIDADE PROCESOS DE CULTIVO ACUÍCOLA). Debe comprobarse se esta praza ten ou non ten que ser convocada para a Escala ESC1.

- Os postos PEC993000036590011 e PEC040000315770073 desapareceron desta nova listaxe. Ambos os postos deben de ser incluídos para o concurso de méritos da Escala ESC1.

Prazas que seguen sen estar incluídas nas listaxes de postos e que cumpren requisitos para o concurso de méritos:

- Con referencia ao posto PEC991000015001010, presentouse unha alegación anterior e Función Pública respondeu que se estaba “á espera execución sentenza”. A día de hoxe seguen sen executar a sentenza firme e o posto non foi incluído na listaxe do 02/01/2023. Está praza debe de ser incluída no concurso de méritos.

- IV.E10.00.000.15770.049 e IV.E10.00.000.15770.050: Son 2 postos de nova creación da Escala ESC1, que aparecen na modificación de RPT de augas e ambas cumpren os requisitos para ser incluídas no concurso de méritos, polo que deben de ser incluídas no mesmo.

- MAC030000015770022: É unha praza de nova creación da Escala ESC1, que aparece na modificación de RPT de Medio Ambiente, derivada de sentenza xudicial, a cal os requisitos para ser incluída no concurso de méritos, polo que debe de ser incluída no mesmo.

- Sobre o posto MRC050010127001113 realizouse unha alegación pero Función Pública non se pronunciou sobre a mesma. Na alegación sinalábase que este posto non figuraban non Anexo IV dá convocatoria do procesos selectivo de biólogos pero aparecía non listaxe de postos enviados aos sindicatos como "Convocada consolidación". Función Pública debe excluír este posto do Anexo mencionado e que sexa incorporado ao concurso de méritos para Escala ESC1.

- Con respecto aos Anexos II e III da OPE 2020 e 2021 enviouse a seguinte alegación:

“Respecto a bioloxía, faltan por incluír 5 prazas que si aparecían nas OPES 2020 e 2021. Falta 1 das 9 prazas de funcionario do Anexo II (OPE 2021) e 4 das 6 prazas de funcionario ocupadas por laboral indefinido non fixo do Anexo III (OPE 2020 e 2021)". Para escala ciencias, Especialidade bioloxía, nos listaxes de postos enviados aos sindicatos figuran soamente 2 prazas de INF, onde están as 4 que faltan e que se aparecían non Anexo III das OPEs 2020 e 2021?.

Para escala ciencias, Especialidade bioloxía, nos listaxes de postos enviados aos sindicatos figuran soamente 8 prazas de funcionario, onde está a praza que falta para completar as 9 que se figuraban non Anexo II dá 2021?. Lembrar que estás prazas nunca foron convocadas.”

#### Prazas de biólogo da Axencia Galega de Innovación:

- Na OPE 2022 figuran 4 postos de biólogos na Axencia Galega de Innovación. Estes postos correspóndense con traballadores dá extinta Fundación Fomento Calidade Industrial e Desenvolvemento Tecnolóxico de Galicia, segundo indican os listaxes de postos enviados aos sindicatos. A Resolución do 5 de xuño de 2014, dá Dirección Xeral de Traballo e Economía Social, sinala ou seguinte sobre estes traballadores:

"A Administración procederá a comunicar á autoridade laboral que, a partir do 1 de xaneiro os traballadores incluídos non ámbito de aplicación deste acordo, pasan a rexerse segundo ou establecido non V convenio colectivo único do persoal laboral dá Xunta de Galicia, salvo naqueles aspectos que pola natureza das súas disposicións non resulte de aplicación".

